

RELACIÓN DE GAÑADORES



VII CONCURSO DE IDEAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS DA USC



Patrocinan:




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de
Promoción do Emprego


DISTRIBUCIÓN POR SEXO





■ Mulleres ■ Homes

Areas de Coñecemento





Situación Laboral dos Candidatos



GAÑADORES

Apelidos	Acuña Vidal
Nome	Marta
Facultade	Enxeñería Química
Universidade	Santiago de Compostela (Campus Santiago)

TituloIdea	PRODUCCIÓN DE HIDRÓXENO A PARTIR RESIDUOS URBANOS
-------------------	---

BreveDescrición	<p>O proceso consiste en converter biomasa en hidróxeno, para ser comercializado como combustible alternativo para vehículos. O proceso consiste no previo tratamento de residuos (secado, pretratamento, troceado...) para posteriormente proceder á gasificación da biomasa nun gasificador de lecho fluidizado. A continuación lávase o gas de saída nun <i>scrubber</i> e se leva a cabo un proceso similar ao do reformado de gas natural para obtención de hidróxeno. Procédese ao reformado con vapor do gas de síntese obtido na gasificación, e posteriormente ten lugar unha reacción de conversión <i>shift</i> a alta e baixa temperatura. O resultado de este proceso é a obtención de hidróxeno ao 99.9% de pureza.</p>
------------------------	---

Produtos	<p>Os produtos comercializados son hidróxeno e, no seu caso, tamén podería ser viable a comercialización de electricidade.</p>
-----------------	--

Apelidos Varela Pérez
Nome Miguel
Facultade Informática
Universidade A Coruña

TituloIdea PAGO DA ORA CO TELÉFONO MÓBIL

BreveDescrición ¿Cantas veces nos atopamos con que ao estacionar o coche temos que pagar a ORA e non temos cambio? Sin embargo, todos levamos enriba o noso teléfono móbil que podería utilizarse como ferramenta de pago, conectándose á propia máquina da ORA por medio de *Bluetooth* ou mandando mensaxes *SMS*.

Produtos

- 1- Análise e estudo de viabilidade das distintas posibilidades de conexión e pago deste servizo por medio do terminal móbil.
- 2- Deseño do *hardware/software* necesario para acceder a este servizo, acorde á/s tecnoloxía/s decidida/s.
- 3- Deseño do *hardware/software* necesario para que os vixiantes da ORA poidan saber se o coche estacionado pagou ou non con este servizo sen necesidade dun resgardo.

Apelidos	Rodríguez Rico
Nome	Jeni
Facultade	ADE
Universidade	Santiago de Compostela (Campus Lugo)

TituloIdea	XOGUETES PARA NENOS/AS CON PROBLEMAS
-------------------	--------------------------------------

BreveDescrición	A miña empresa dedicaría a súa actividade á fabricación de xoguetes aptos para nenos/as con problemas, de cinco anos en diante, para que estes poidan disfrutar dun xoguete como calquera outro neno da súa idade e non se sintan diferentes. a maioría dos xoguetes non veñen adaptados para poder ser adquiridos para un neno con dificultades auditivas, visuais, ou de fala.
------------------------	--

Produtos	Xoguetes que levarían en lugar de debuxos nos botóns, palabras que os identificasen, en linguaxe braile, para os nenos con dificultades auditivas, en lugar de que un xoguete falase, podería levar unha pantalla na que se lee indicase o que estea a dicir... na televisión saen anuncios de bonecas con varios biberóns iguais, cada un cunha palabra: leite, auga, menciña... para un neno con algunha deficiencia visual sería lle imposible distinguilos, por iso é importante e necesario escribirlle en linguaxe braile esas palabras para que poida disfrutar dese xoguete.
-----------------	--

Apelidos Gómez García
Nome Manuel
Facultade Química
Universidade Santiago de Compostela

TituloIdea MICROOPTICA E SENSORES

BreveDescrición A idea é facer uso de tecnoloxías desenvolvidas na Universidade para facelas chegar ao mercado, en concreto o deseño, adaptación ou construción de dispositivos sensores ópticos e tamén a fabricación de microcompoñentes ópticos baseados en fotorresinas de última xeneración. O xerme da idea tamén está na necesidade de dar cabida no mercado laboral a persoas cunha formación de excelencia nestes campos- ou outros- que ao finalizar a súa etapa formativa vense obrigados a redirixir as súas carreiras profesionais, perdéndose capacidades e recursos humanos no campo da investigación.

Produtos Sensores de fronte de onda e compoñentes ópticos deseñados para os mesmos, con deseño de características totalmente personalizado en función das necesidades do cliente e cun tempo de prototipado curto (poucas horas). Matrices de microcavidades para aloxar reactivos e mostras para bio-test. Coa posibilidade de deseño de forma e tamaño personalizado. Microlentes e micro-elementos ópticos para montaxes compactas.

Apelidos	Estévez Forneiro
Nome	Eva
Facultade	Medicina
Universidade	Santiago de Compostela

Título	APITERAPIA SEN A PICADURA DAS ABELLAS
---------------	---------------------------------------

BreveDescrición O veneno das abellas, a apitoxina, ten unha capacidade antiinflamatoria 100 veces superior á da cortisona e é aplicable a unhas 500 enfermidades, entre elas as que afectan aos ósos e ao sistema respiratorio. A apitoxina exerce acción analxésica e antiinflamatoria. Isto impulsou o uso deste veneno como terapia alternativa en casos de reumatismo. Ademais, mostrou algunhas propiedades inmunoactivantes, o que favoreceu a súa experimentación como coaduvante na esclerose múltiple. Con todo, do mesmo xeito que sucede con toda droga, a apitoxina non é inocua, e os seus efectos sobre a saúde aínda non foron obxecto de estudo sistemático.

Con todo a apiterapia non se resume unicamente ao uso da apitoxina. Outros elementos da colmea ten propiedades curativas, tal é o caso do polen, o própolis e a xalea real, que combinadas ofrecen unha posibilidade de tratamento moi eficaz, aínda que máis lenta, contra enfermidades como a esclerose múltiple, o ELA (esclerose lateral amiotrófica), a fibromialxia, a psoriase... e ata contra o estrés.

Produtos A apitoxina non é unha sustancia simple, senón unha mestura relativamente complexa. O máis activo dos seus compoñentes é un líquido fortemente alcalino formado por unha mestura de proteínas, principalmente o polipéptido citotóxico melitina (fórmula química: C131H229N39O31). A apitoxina é un medicamento incorporado ás farmacopeas sobre homeopatías, utilizando as técnicas homeopáticas da farmacopea norteamericana Apis venenun purum (HPUS) (Homeopathic Pharmacopea of the United States). De acordo con eses estándares, elabórase a apitoxina para uso por vía inxectable. Para obter 1g de veneno seco necesítanse 10.000 abellas. Os produtos que a nosa empresa ofrecerá serán:

APITOXINA EN CREMA: Especialmente recomendada para a Artrite reumatoide , a Artrose e a Esclerose múltiple. Tamén son excelentes os resultados que se obteñen en: Gota, fibromialxias,

febre reumática, lesións deportivas, lumbalxia, ciática, neuralxias, alerxias, asma, sinusite, hernias de disco, epicondilitis, ombreiro doloroso, fatiga crónica, eccemas, problemas circulatorios, lupus eritematoso, inmunodeficiencias, etc.

En afeccións reumáticas xeneralizadas son máis recomendables os seguintes produtos:

APITOXINA-BLISTER DE COMPRIMIDOS

APITOXINA-SOLUCION SÉRICA

APITOXINA-SOLUCION ANESTESICA

MELITININA-SOLUCIÓN SÉRICA